



## **BASES XERAIS DE ADMISIÓN NO CURSO BÁSICO DE COIDADADO INFANTIL (20H).**

### **1.- Persoas destinatarias.**

Poderán presentar solicitude de participación neste curso as persoas interesadas en xeral, tendo prioridade aquelas empadroadas no Concello de Porto do Son.

### **2.- Solicitudes.**

As solicitudes de participación nesta acción formativa, segundo o modelo que se anexa, entregaranse de maneira presencial no Servizo de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son (Casa do Concello – 2º andar), en horario de 09.00h a 14.00h. Só se admitirá unha solicitude por persoa.

### **3.- Documentación.**

Xunto coa solicitude de admisión, as persoas interesadas deberán presentar:

- Fotocopia do DNI ou NIE.

### **4.- Prazo de inscrición.**

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día 13 de setembro de 2017 e rematará día 20 de setembro de 2017 ás 14.00h.

No caso de non cubrirse as prazas, poderase ampliar o prazo de presentación de solicitudes.

### **5.- Selección de participantes.**

A selección dos participantes farase por rigorosa orde de presentación de solicitudes (xunto coa documentación requirida) no Servizo de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son.

### **6.- Número de prazas.**

Esta acción formativa conta cun total de 18 prazas.

### **7.- Datás e Lugar de celebración do curso.**

O curso vaise celebrar do 25 ao 29 de setembro, en horario de 16.00h a 20.00, nas instalacións do Viveiro de Empresas do Concello de Porto do Son.



### **8.- Contidos do curso.**

Entre outras, no curso abordaranse as seguintes cuestións:

- O desenvolvemento do neno/a.
- O xogo infantil.
- Técnicas de modificación da conducta na infancia.
- Hixiene, sono e alimentación infantil.
- O coidador infantil: ferramentas de comunicación.
- Etc.

### **9.- Condicións de superación do curso.**

Para a obtención do diploma de participación no curso é obrigatoria a asistencia a todas as sesións.

Porto do Son, 11 de setembro de 2017.